



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE AGOSTO DE 2020

LICENZAS FAVORABLES

LIC/1501/2019.- FÁTIMA MARINA OTERO VIEITEZ.- Conceder licenza para obras para a reestruturación de vivenda unifamiliar entre medianeiras situada na rúa do Pombal, 13.

LIC/209/2020.- BEATRIZ PRADO RODRÍGUEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina na rúa do Castiñeiriño, 84.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á autorización da publicación de diversas imaxes de titularidade do concello, para incluílas no libro “Fondas e hoteis da Compostela burguesa”, editado polo Consorcio de Santiago. Acórdase autorizar a publicación das imaxes sempre que se destinen unicamente á citada obra na edición do Consorcio de Santiago, e indicando que pertencen ao Concello de Santiago.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á revisión de tarifas dos aparcadoiros municipais xestionados pola empresa TUSSA. Acórdase a subida nos aparcadoiros de Belvís, Xoán XXIII e Salgueiriños, argumentada pola empresa no incremento de custes de persoal e gastos de explotación.

- Aparcadoiro vixiado Xoán XXIII.
 - Tarifas rotación: Á última subida foi no ano 2014.
 - Tarifa por minuto ata a 4ª hora. 0,0210 euros en 2014 / Proposta 2020: 0,0219 euros.
 - Tarifa por minuto ata a 10ª hora. 0,0155 euros en 2014 / Proposta 2020: 0,0162 euros.
 - Tarifa abonados e bonos.
 - 24 horas. Ano 2014: 58,76 euros / Proposta 2020: 61,33 euros.
 - Diúrno: Ano 2014: 52,22 euros / Proposta 2020: 54,51 euros.
 - Nocturno: Ano 2014: 39,17 euros / Proposta 2020: 40,89 euros.
 - Moto: Ano 2014: 43,52 euros / Proposta 2020: 45,42 euros.
 - Colexio: Ano 2014: 28,28 euros / Proposta 2020: 29,52 euros.
 - Turista: Ano 2014: 30 euros / Proposta 2020: 31,31 euros.
- Aparcadoiro municipal de Belvís.
 - Tarifas rotación: Á última subida foi no ano 2014
 - Tarifa por minuto ata os 45 minutos. 0,0166 euros en 2014 / Proposta 2020: 0,0176 euros.

- Tarifa por minuto de 45 m. ata a 4ª hora. 0,0129 euros en 2014 / Proposta 2020: 0,0137 euros.
 - Tarifa por minuto da 4ª á 10ª hora. 0,0118 euros en 2014 / Proposta 2020: 0,0125 euros
- Tarifa abonados e bonos.
 - 24 horas. Ano 2014: 67,47 euros / Proposta 2020: 71,55 euros.
 - Diúrno: Ano 2014: 52,22 euros / Proposta 2020: 55,38 euros.
 - Nocturno: Ano 2014: 33,73 euros / Proposta 2020: 35,77 euros.
 - Mañá: Ano 2014: 40,26 euros / Proposta 2020: 42,70 euros.
 - Tarde: Ano 2014: 40,26 euros / Proposta 2020: 42,70 euros.
 - Universidade: Ano 2014: 40,26 euros / Proposta 2020: 42,70 euros.
- Dársena de autobuses de Xoán XXIII. As tarifas da dársena de autocares permanecen invariables desde setembro de 2012.
 - Tarifas carga e descarga. Ano 2012: 15 euros / Proposta 2020: 18,84 euros.
 - Penalizacións:
 - Primeiros 15 minutos: Ano 2012: 1 euros / Proposta 2020: 1,25 euros.
 - Penalización cada 5 m. desde o minuto 30 ás 2 horas: Ano 2012: 1 euros / Proposta 2020: 1,25 euros.
 - Penalización cada 5 m. a partir da 2ª hora. Ano 2012: 2 euros / Proposta 2020: 2,50 euros.
- Aparcadoiro de borde de Salgueiriño. A última suba de tarifas foi no ano 2014.
 - Tarifas diarias (por acceso)
 - Turismos: Ano 2014: 1,50 euros / Proposta 2020: 1,75 euros.
 - Autocaravanas: Ano 2014: 3,50 euros / Proposta 2020: 4,15 euros.
 - Autobuses, microbuses e camiós: Ano 2014: 5,50 euros / Proposta 2020: 6,50 euros.
 - Tarifa reducida autobuses: Ano 2014: 2,50 euros / Proposta 2020: 3,00 euros.
 - Tarifas área de servizo de autocaravanas
 - Custe do servizo: Ano 2014: 3,00 euros / Proposta 2020: 3,50 euros.
 - Tarifas por exceso de tempo (por día ou fracción)
 - Turismos: Ano 2014: 6,00 euros / Proposta 2020: 7,10 euros.
 - Autocaravanas: Ano 2014: 12,00 euros / Proposta 2020: 14,10 euros.
 - Autobuses, microbuses e camiós: Ano 2014: 20,00 euros / Proposta 2020: 23,70 euros.

6.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da concesión da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial 2020. Acórdase conceder as seguintes subvencións polos importes e ás entidades que se detallan a continuación:

- Fundación Santiago Centro, Área Comercial. 15.807,18 euros.
- Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental: 23.756,52 euros.
- Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca: 2.092,90 euros.
- Comercio Punto Compostela. 18.343,40 euros.

7.- Aprobación de convalidación de gastos. Acórdase validar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade coa declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, en relación coas subministracións que constan en distintas facturas emitidas por María del Sol Diéguez Gil, dos meses de marzo, abril e maio de 2020, por importe de 2.494,74 euros.

8.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Acórdase o recoñecemento extraxudicial de crédito relativo aos gastos por prestación do servizo de subscrición anual á revista Luzes durante o ano 2019 por importe de 950 euros.

9.- Aprobación da certificación final de obra de “adecuación da parcela municipal “EQ1” para aparcamento público en superficie no parque empresarial da Sionlla”. Apróbase a certificación final da citada obra.

10.- Dar conta da subvención da Deputación provincial da Coruña POS+adicional 1/2020, para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do covid-19. Dáse conta da aprobación da subvención por importe de 91.943,44 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á designación dos membros do Comité de Expertos para a avaliación das ofertas presentadas no expediente de contratación “PROXECTO SMARTIAGO – Licitación CPI para desenvolver unha solución tecnolóxica de mobilidade smart – cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 “ (CON/35/2020). Acórdase a designación de:

- D. José Manuel González, vicesecretario do concello de Santiago de Compostela
- Dona Belén Hernández, xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela.
- Dona Cristina López Bravo, profesora titular do departamento de Enxeñería telemática da Universidade de Vigo.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á designación dos membros do Comité de Expertos para a avaliación das ofertas presentadas no expediente de contratación “PROXECTO SMARTIAGO – Licitación CPI para desenvolver un sistema intelixente de recollida de RSU – cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 “ (CON/37/2020. Acórdase a designación de:

- D. José Manuel González, vicesecretario do concello de Santiago de Compostela
- Dona Belén Hernández, xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela.
- Dona Cristina López Bravo, profesora titular do departamento de Enxeñería telemática da Universidade de Vigo.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á designación dos membros do Comité de Expertos para a avaliación das ofertas presentadas no expediente de contratación “PROXECTO SMARTIAGO – Licitación CPI para desenvolver un sistema de alumeado ornamental para a conservación do patrimonio – cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020“ (CON/36/2020). Acórdase a designación de:

- D. José Manuel González, vicesecretario do concello de Santiago de Compostela
- Dona Belén Hernández, xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela.
- Dona Cristina López Bravo, profesora titular do departamento de Enxeñería telemática da Universidade de Vigo.

URXENCIAS

- 1. Proposta de resolución das alegacións ao acordo de aprobación do cadro de prezos para o ano 2020 para aplicar nas obras da concesionaria Viaqua.** Acórdase desestimar as alegacións formuladas.